

GRANDES CIVILIZACIONES URBANAS



Arte para a eternidade







Arte prehelénica

Arte Minoica
Palacio de Cnosos
(3000-1100 a. C.)



Arte prehelénica

Arte Micénica
Porta dos Leões
Máscara de Agamenón
Tesoro de Atreo
(1400-1100 a. C.)



Grecia

Arte clásica



O que ocorreu na Grecia clásica foi un milagre cultural que os historiadores aínda non saben explicar, unha illa de humanidade nun contexto onde o home non valía nada.

Núcleo orixinal, e expansión por Asia Menor e Mediterráneo central e occidental (comercio)

Invasiones: primero aqueos. Después dorios y jonios



Base da cultura europea e Occidental

Pensamos como eles (filosofía racional), organizámosnos como eles (democracia), construimos e esculpimos como eles.

3 Elementos Constitutivos

A influencia oriental de Persia y Egipto foi un compoñente importante na cultura grega. A súa tradición cultural era moito máis antiga.

Das supervivencias **cretomicénicas** quedou o gusto pola beleza como algo ideal, utópico, o amor á natureza, á luz mediterránea, o concepto de proporción e harmonía

Os dorios aportaron a rixidez, a dureza, o espírito militar e deportivo, o estilo xeométrico

Espazo

O límite xeográfico é todo o escenario da colonización grega, desde as costas mediterráneas da península ibérica ata as costas do mar Negro. **Todo o Mediterráneo e o Mar Negro foron os escenarios onde a cultura grega despregou as súas colonias, aínda que hai un núcleo orixinal.**

Época Arcaica

Fase de formación da **polis** grega durante o século VII a.C. e xa no s. VI fase de plena expansión coa colonización mediterránea . Os froitos da colonización converten ás polis en cidades ricas e prósperas. É unha fase de ascenso cultural.

século VII - VI a.C



Época Clásica

Fase de plena hexemonía helena e de cenit cultural.

Etapa de maior esplendor da arte grega protagonizado por **Atenas**: triunfadora das guerras contra o veciño persa, imporá a súa hesemonía ás outras polis e impulsará a democracia como forma de goberno. Ao **século V a.C.** tamén se lle chama o **século de Pericles**.

As guerras civís entre polis marcarán a fin da hexemonía ateniense.

século V a.C



Época Helenística

As guerras do Peloponeso entre os propios gregos abrirán o camiño á unificación do territorio heleno baixo a hexemonía de Macedonia. A cultura helena esténdese grazas ao Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores.

A arte grega ábrese ás influencias orientais

século IV - I a.C




Territorio moi accidentado permite o desenvolvemento de unidades políticas independentes pero con elementos culturais comúns

Mar, clima, luminosidade...
(favorece a plasticidade das formas)




A organización socio-política dos helenos en Polis é esencial para a súa cultura. **Polis=cidade-estado**, cidades independentes pero cunha cultura, unha relixión e un sentimento panhelénico común (Olimpiadas p.ex.). A polis grega é distinto ao de antes e ao de despois. Era unha agrupación de cidadáns fronte ao gran imperio de súbditos, era unha organización máis pequena, máis simple pero máis perfecta e humana.


“sociedade”



“política”



“antropocentrismo”



“pensamento
racional”


Para comprender a arte grega hai que ter en conta a importancia que os gregos lle concederon á Filosofía, á busca da explicación racional dos fenómenos naturais. A análise e a explicación racional permitirálles coñecer a orde, a medida dos fenómenos, a relación e equilibrio das partes co todo.

Os logros dos artistas gregos, realizando esculturas e edificios que son expresión da armonía da natureza, nos permiten entender a súa cualificación de *arte clásica*, xa que o grao de perfección da súa produción artística servirá de modelo en tódalas épocas.

Ar

Relixión

- Sen dogma nin fe, sen un clero profesional (eran cargos públicos rotativos), e sobre todo, baseada no libre albedrío do home.
- Elemento cohesionador das polis e do futuro sentimento panhelénico.
- Relixión humanizada, con deuses con vicios e virtudes humanas. Era unha relixión que non solucionaba problemas de coñecemento, que permitía a investigación racional e lóxica
- Incitaba á Arte e á beleza. De feito a característica principal dos deuses era a súa beleza absoluta (beleza humana posto que é unha relixión completamente antropomórfica) co cal se divinizaba a beleza.



Cientes

e


Artistas

- Os principais clientes das obras de arte eran ao principio as corporacións relixiosas. Arte e relixión tiñan estreitos vínculos.
- Despois do século VII as imaxes dos deuses, monumentos e ofrendas funerarias serán encargadas polos gobernantes ou polas propias polis, como no caso da Atenas de Pericles.


Desde o anonimato oriental cara ás personalidades individuais

- Na época arcaica non estaban á altura da consideración que posuían poetas, músicos e filósofos, xa que os artistas figuraban como "obreiros hábiles".
- Na época de Pericles ao artistas se lle concede xa un certo prestixio. As obras gregas asínanse e cada autor segue unha liña persoal. Traballan por todo o territorio helénico, pero os principais traballan máis para a súa polis, eran figuras recoñecidas que vivían moi ben e eran aclamados polos seus concidadans.
- Con Alexandre Magno, e despois na época helenística os artistas adquiren máis prestixio (ata esta fase non se crearán escolas locais).
- A técnica e a investigación póñense ao servizo da Arte, tanto en arquitectura (éntase), como na escultura (mármore rixido sen apoios).

Urbanismo



▲ Fig. 11. Reconstruction of the Agora in AD 150



MILETO
TRAZADO HIPODÁMICO


- Toda a cidade é unha obra de arte e o **concepto de beleza é global**. Uniformidade na escala (humana), nos materiais (mármore) e nas cores (branco)
- Hai **tres elementos** fundamentais á hora de situar o emprazamento
 - O **militar**: buscando sempre unha parte alta ou Acrópole
 - O **económico**: cerca do mar ou nunha encrucillada de camiños
 - O **estético**: o marco natural debía facer máis fermosa a cidade.

As cidades

Elementos da polis

ESPACIOS
CÍVICOS,
LÚDICOS...


- A Acrópole



- O Ximnasio e a Palestra




- A Stoa



- O Estadio




- O Teatro



- O Ágora

A **Acrópolis** era a parte alta da cidade. Un recinto amurallado e fácilmente defendible onde se situaban tamén os templos e os tesouros dos deuses que protexían a cidade.

•A **Ágora** era a praza principal da cidade e tiña dúas funcións: unha política para reunir á Asemblea e outra función comercial, xa que ao redor da Ágora vivían artesáns e comerciantes, xunto ás casas dos aristócratas.




Acrópolis de Atenas



Ágora reconstruída de Atenas


•A **Stoa** eran os pórticos cubertos que rodeaban o Ágora, daban acubillo á xente e alí situábanse os comercios. Estas stoas porticadas continuaban polas rúas principais da cidade.

Gimnasio de Delfos



•O **Ximnasio** e a **Palestra**: lugares de lecer e esparcemento, para exercicios físicos e centros de reunión cívicos, a modo de paseos decorados con columnas a ambos os dous lados. Situábanse nas marxes da cidade.



Palestra de Olimpia



Stoa de Delfos

O **Teatro** era o edificio máis importante da cidade xunto cos templos. Era o espectáculo predilecto dos helenos.

Estadio de Delfos



Teatro de Epidauro

•O **Estadio** era o outro gran centro cívico. De planta rectangular e cunha cavea sobre o desnivel do terreo, servía para realizar diferentes xogos atléticos. Os gregos crearon o concepto de deporte.

PERÍODOS DA ARTE GREGA



A R C A I C O

C L Á S I C O

H E L E N Í S T I C O

Preclásico Clásico Posclásico



Se a **BASE ARTÍSTICA** está na Arte Prehelénica **Cretomícénica**

GRECIA aportará:

- Un novo sentido da **Beleza**, baseado nun **Ideal** de medida e proporcionalidade



“ordes” en arquitectura

“canon” en escultura

- Unha visión **Antropocéntrica** da arte
- A aparición dunha serie de grandes Artistas

